

CUARTO: que se proceda á publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na paxina web do Concello de Lugo desta resolución con indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e con carácter previo a esta resolución, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que **os interesados poidan presenta-las solicitudes que estimen oportunas, no prazo de 15 DÍAS NATURAIS** contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) por mandato da BDNS. Estas tamén se insertarán no taboleiro de anuncios do Concello e ná páxina Web do Concello de Lugo.

En Lugo a 07 de novembro de 2018.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES, Miguel Fernández Méndez

R. 3144

Anuncio

Por medio do presente faise público que a Xunta de Goberno Local núm. 15/636, de data 7 de novembro de 2018, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2018 de subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral ou sectorial e para mantemento de equipamentos de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 45.500 € a que ascende o importe total das subvencións que serán outorgados por parte do Servizo de Participación e Atención Cidadá e con cargo á partida e importe seguinte:

Participación Cidadá, partida 92400.48900, importe 45.500 euros.

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexerese polo establecido nas seguintes

“BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DE CARACTER VECIÑAL, EDUCATIVO, PROFESIONAL E DE MEDIO AMBIENTE PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL E SECTORIAL E PARA O MANTEMENTO DE EQUIPAMENTOS - EXERCICIO 2018

Artigo 1. Obxecto e finalidade da subvención

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento, durante o exercicio 2018, de programas e actividades de interese xeral e sectorial, así como para o mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas, no desenvolvemento dos ditos programas e actividades, e que son tramitadas pola Oficina de Participación e Atención Cidadá

Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 7 de xeito xeral, e con carácter específico o establecido polo servizo que tramita as solicitudes de subvencións desta convocatoria.

Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, o Real decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do presuposto municipal e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2. Entidades beneficiarias. Requisitos

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

1) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no municipio de Lugo e figurar inscritas, **cunha antigüidade de 3 meses**, nos seguintes rexistros:

a) As entidades que teñan a personalidade xurídica de asociación sen ánimo de lucro deberán figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo.

b) As entidades que teñan a personalidade xurídica de fundación deberán figurar inscritas nalgún rexistro público de fundación, xa sexa autonómico, estatal ou en ambos os dous.

c) As entidades relixiosas deberán acreditar tal condición a través da inscrición nalgún rexistro público.

Excepcionalmente, cando a actividade teña interese social, económico ou humanitario para as veciñas e veciños do municipio de Lugo, poderanse conceder subvencións a entidades foráneas e non inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo. A fundamentación do dito interese acreditarase mediante a achega dunha memoria para o efecto. En todo caso, as actividades ou proxectos financiados a través de subvención municipal deben desenvolverse no termo municipal ou ir dirixidos ás veciñas e aos veciños do concello de Lugo, e redundar nun beneficio para a súa cidadanía.

2) Non ser debedoras da Facenda Pública, Autonómica e Concello de Lugo, e estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.

3) Non estar incursas en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria das subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4) Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo, ou xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga de xustificar.

- **Quedan excluídas desta convocatoria** as asociacións ou entidades que durante o exercicio 2018 perciban outra subvención municipal para o seu desenvolvemento do mesmo ou diferente programa, a excepción das axudas para a celebración das festas do “Lume Novo nos barrios e parroquias do municipio de Lugo para o ano 2018,” que serán compatibles con estas subvencións.

Artigo 3. Créditos orzamentarios e contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio 2018 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións para a Oficina de Participación Cidadá, aplicación 92400.48900, por un importe **de 45.500. euros.**

No artigo 6º especificanse as contías máximas que se poderán obter en función da puntuación acadada.

Artigo 4. Forma e prazo de presentación das solicitudes

1. As solicitudes das entidades ou asociacións interesadas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, ou ben utilizando os medios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de **QUINCE DÍAS NATURAIS**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, por conduto da BDNS. O texto íntegro publicarase no BOP, no Taboleiro de Anuncios Municipal e na páxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación do extracto da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS, será a data que hai que ter en conta para os efectos de presentación de solicitudes. Acompañaranse dos documentos e informacións que se sinalan no parágrafo 2º deste artigo, agás que estes estiveran xa en poder do Concello. Farase constar neste caso a data e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, e non poderá ter transcorrido máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan.

2. A entidade ou asociación interesada deberá acompañar á solicitude (**non se admitirá máis dunha solicitude por cada asociación ou entidade**) a seguinte documentación:

a) **As asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións:**

1) Solicitude en modelo normalizado xeral (ANEXO I), subscripta pola persoa interesada, no caso de tratarse de persoa física, ou pola persoa que represente de forma legal á asociación ou entidade, xunto co compromiso de destinar a subvención á execución do obxectivo, proxecto ou actividade solicitada.

2) Fotocopia do DNI da persoa que presenta a solicitude e, se é o caso, documento acreditativo da representación que posúe na entidade ou asociación solicitante.

3) Memoria explicativa do **proxecto, actividade ou programa** solicitados (segundo o modelo do ANEXO II). A entidade interesada poderá presentar xunto co modelo indicado o proxecto que estime conveniente, no que se subliñarán outros aspectos que axuden a unha mellor avaliación.

4) No caso de subvencións solicitadas para financiar **gastos para mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas da asociación e gastos de persoal da entidade**, xuntarán memoria (segundo modelo do ANEXO III) na que se fará constar a localización, réxime de posesión ou tenza, equipamento do que dispón o local, descrición do gasto, xustificación da necesidade de efectuar este e facendo constar que as condicións do orzamento presentado se manterán durante todo o ano 2018.

5) Declaración xurada de (ANEXO IV):

- Que na realización do programa se comprometen a non realizar actos ou publicidade que insulten ou agridan ás mulleres nin actos ou prácticas sexistas que perpetúan unha imaxe estereotipada das mulleres e afianzan a discriminación.

- Non atoparse inhabilitada nin está incursa en ningunha das causas de prohibición para acceder á condición de beneficiaria de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, de conformidade co artigo 22 e 24 do Real decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, achegando, se así o solicita a unidade administrativa xestora e antes da proposta de resolución, certificacións de atoparse ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo respectivamente).

- Ter ou non solicitado ou percibido outras subvencións ou axudas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

- As actividades, proxectos ou programas para os que se solicita a subvención vanse efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

- Comunicoulle á Oficina de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias e socios correspondentes ao ano 2018.

- No caso de presentar gastos de persoal: O persoal contratado presentado na solicitude estará adscrito á programación e actividades obxecto desta subvención, sendo incompatible con calquera outra subvención neste concepto.

6) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da solicitude de subvención.

O Concello poderá solicitar, se así fose oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente.

b) As asociacións non inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións deberán, a maiores, achegar:

1) Copia dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade da entidade. Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.

2) Fotocopia do CIF da asociación ou entidade solicitante.

3) Xustificación de figurar inscritas nun Rexistro de Asociacións:

a) Se se trata dunha fundación, deberá presentar acreditación de estar inscrita no Rexistro de Fundacións da Xunta de Galicia, no do Estado ou en ambos os dous.

b) Se se trata dunha entidade relixiosa, deberá acreditar estar inscrito no Rexistro de Entidades Relixiosas da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas confesións ou en calquera outro rexistro público que as acredite como tal.

CORRECCIÓN DE DEFECTOS.- Se a solicitude non reúne os requisitos ou non achega a documentación indicada, requiriráselle á persoa interesada para que emende as deficiencias observadas no prazo máximo improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese se lle terá por desistido da súa petición, e arquivarase o expediente sen máis trámites, tras a resolución ditada nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 5. Procedemento

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido na Ordenanza municipal de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

1.- Presentadas as solicitudes no Rexistro Xeral Municipal, remitiráselle á Oficina de Participación Cidadá quen as incluíra no Rexistro Municipal de Asociacións e procederá á súa tramitación,

2.- O órgano instrutor será un técnico ou unha técnica competente do servizo correspondente que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

3.- A comisión de valoración, constituída para o efecto en cada servizo, terá a seguinte composición:

- **Presidenta/e:** unha persoa técnica do Concello de Lugo.

- **Vogais:** dúas persoas, funcionarias ou persoal laboral, do correspondente servizo que se designen para estes efectos.

- **Secretaria/o:** unha persoa técnica municipal do servizo correspondente designado para o efecto.

Excepcionalmente, nos casos nos que os servizos correspondentes non teñan o persoal suficiente para formar a dita comisión, esta estará integrada pola/o presidenta/e e unha/un técnica/o do servizo que, á súa vez, asumirá as funcións de instrutor/a e de membro da comisión.

4.- De conformidade co establecido na base 24ª das bases de execución do presuposto municipal, o órgano competente para resolver o procedemento é a **Xunta de Goberno Local do Concello**.

5.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e

contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

6.- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

7.- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

8.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, no caso concreto de non ter realizado o número total de actividades propostas na solicitude, reducirase a cantidade concedida en proporción aos puntos outorgados polo número de actividades e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

9.- As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para a mesma finalidade sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 80% do custo total da actividade. O 20% do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá financiarse, exclusivamente, pola asociación ou entidade. No caso de existir sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

10.- As actividades obxecto de subvención poderán ser obxecto de subcontratación nos termos establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Artigo 6. Criterios de valoración e contía da subvención

A concesión ou denegación das subvencións así como a súa cuantificación económica efectuaranse tendo en conta os seguintes criterios:

VALORACIÓN DO PROGRAMA PRESENTADO:

1.- Representatividade: **Distribuiranse como máximo 3 puntos en proporción ao número de persoas asociadas.**

2.- IGUALDADE : Distribuiranse como máximo 3 puntos:

-Porcentaxe de mulleres na directiva como mínimo ao 50%.....(1 punto).

-Que a entidade conte cunha vogalía ou departamento de muller ou igualdade ou que todas as súas actividades estean dirixidas á defensa dos dereitos da mulleres.....(1 punto)

-Utilizar unha linguaxe non sexista nas súas comunicacións, carteis, programas, etc.....(1 punto).

Con carácter xeral as asociacións deben comprometerse a non realizar actos ou publicidade que insulten ou agridan ás mulleres, incluídos aqueles actos ou prácticas sexistas que perpetúan unha imaxe estereotipada das mulleres e afianzan a discriminación.

3.- Explicación detallada do proxecto. Informe preciso e detallado de cada unha das actividades para realizar e contías que se deben destinar a elas, debidamente desagregadas. Ata 2 puntos.

4.- Gastos de persoal propio da asociación.....Ata 5 puntos:

- 1 persoa empregada media xornada.....1 puntos.

- 1 persoa empregada xornada completa.....3 puntos.

- 2 ou máis persoas empregadas5 puntos.

Deberán xustificar con documentación a contratación do persoal que se subvenciona. O límite do gasto presentado por este concepto será o 30% do importe total concedido en concepto de nóminas.

A persoa contratada cuxos gastos salariais se admiten como xustificación deberá estar adscrita á programación e actividades que motivan a concesión da subvención.

O gasto xustificado será incompatible con calquera outro que sirva de xustificación doutros programas subvencionados (Programa municipal de Emprego Con-trato feito...).

- Os gastos salariais que sirvan de xustificación deben ser en concepto de salario base, non en complementos accesorios.

5.- Interese xeral do proxecto presentado no que se valorará:

5.1.- Programas que, tendo en conta as necesidades máis urxentes das persoas ás que se dirixe ou o contorno no que se desenvolven, poidan conseguir unha mellora nas súas condicións de saúde, laborais, sociais e de benestar en xeral, con especial protección á terceira idade, a infancia e ás persoas desempregadas Ata 2 puntos

5.2.- Actividades realizadas coa finalidade de promoción e fomento do “Camiño Primitivo ” Ata 1 puntos

- 5.3.- Actividades co fin de dinamizar a Praza e o Mercado de AbastosAta 2 puntos
- 5.4.- Actividades encamiñadas a fomentar a educación cívica (limpeza das rúas, campañas en contra do abandono animal, a favor do medio ambiente.....Ata 2 puntos
- 5.5.- Actividades encamiñadas a fomentar o voluntariado.....Ata 2 puntos
- 5.6.- Proxectos levados a cabo na zona rural do Concello.....Ata 2 puntos
- 5.7.- Actividades que fomenten a democracia participativa.....Ata 2 puntos
- 6.- Programa de actividades aberto á persoas alleas á asociación que participarán nas actividades:
- 1 actividade aberta1 punto.
- 2 ou máis actividades abertas.....2 puntos.
- Todo o programa.....3 puntos.
- 7- Local social propio da asociación (en propiedade ou arrendamento).....3 puntos.
- 8- Mantemento en infraestruturas e equipamentos.....Ata 3 puntos.
- 9.-Actividades encamiñadas á dinamización de barrios emblemáticos da cidade ou que debido a súa traxectoria adquiren a categoría de tradición e referente para a cidadanía en xeral.....Ata 2 puntos.

Non se subvencionará máis dunha actividade do mesmo contido a cada asociación nin cursos ou actividades xa realizadas polo Concello aos que as asociacións teñan libre acceso, salvo aquelas asociacións que demostren unha especial dificultade para poder acceder a estas actividades. En todo caso evitarase, de maneira xeral, a duplicidade.

Limitase a concesión de subvencións para comidas, non podendo incluírse no programa presentado máis dunha comida e sempre que estea incluída esta comida dentro dun programa de actividades máis amplo.

Os gastos presentados terán relación directa coa actividade para realizar.

A contía máxima que se concederá individualmente nesta concellería non poderá exceder de 3.000 euros. As contías que se concedan fixaranse proporcionalmente en función da puntuación obtida en aplicación do baremo anterior.

No caso de que a cantidade da subvención resultante, unha vez sumados todos os puntos anteriormente citados, fose superior ao 80% do orzamento presentado, reducirase esta subvención ata ese 80% citado.

Artigo 7. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidábel respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade tales como: alugamentos, gastos de transporte, gastos de pequena reparación, mantemento e conservación de bens propios ou alugados, adquisición de material non inventariable, subministracións (gas, electricidade, teléfono, combustible...) vestiario, produtos alimenticios, sanitarios, prestación de servizos culturais e outros gastos diversos como publicidade, imprenta, etc.

Tamén serán subvencionables os gastos de persoal contratados polas asociacións para o seu normal funcionamento (**ata un máximo do 30% do importe da subvención concedida**).

As facturas ou documentos de valor probatorio relativas ás axudas de custo ou indemnizacións por razón do servizo de calquera persoa integrante da asociación terán como límite o 5% do importe da subvención concedida.

Os gastos de publicidade e comunicación terán como límite o 10% do importe da subvención concedida, salvo clara xustificación da necesidade dun gasto superior para o normal funcionamento do programa ou actividade.

Non serán subvencionables gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.

Non serán subvencionables os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.

Non serán subvencionables aquelas actividades que utilicen a figura da muller dunha forma denigrante.

Non se admitirán facturas ou documentos de valor probatorio para xustificar estas subvencións que sexan emitidas por membros ou familiares de primeiro e segundo grao, en consanguinidade e afinidade, da directiva da asociación que se subvenciona.

En ningún caso serán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.

Artigo 8. Xustificación do gasto e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades ou asociacións beneficiarias deberán presentar no servizo correspondente a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

a) Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade, obxectivo ou adopción do comportamento, con expresa mención dos resultados obtidos, xunto cunha relación dos gastos e ingresos relativos á actividade subvencionada redactada pola propia asociación. No caso de que se xustifique a través de gastos de desprazamento/aloxamento, deberán especificarse a persoa usuaria, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, deberá acreditarse o nome e DNI da persoa desprazada.

b) Anexos V, VI, VII e VIII (neste último caso soamente se presenta gastos de local e persoal propio da asociación). Deberase xuntar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, vídeos, CD-ROM, etc., que se editasen ou publicasen en relación coa actividade subvencionada, así como recortes de prensa, enlaces ou/e capturas de pantalla nas redes sociais e fotografías, coa data impresa.

c) Facturas e demais documentos de valor probatorio, de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.d. 1496/2003, do 28 de novembro, do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal e, segundo o establecido no R.D. 1619/2012, do 30 de novembro, as facturas deberán conter:

- **Número**
- **Data de expedición**
- **Razón social, NIF e enderezo do emisor e receptor**
- **Descrición das operacións obxecto da factura.**
- **Detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.**
- **Tipo impositivo**
- **Cota tributaria**
- **Data de prestación do servizo, se esta é diferente ao da expedición da factura.**
- **Xustificante de estar pagadas, co selo e firma da empresa provedora (facturas por valor de 300 euros ou inferior) e con acreditación do pago mediante transferencia con xustificación da entidade bancaria, tendo en conta que deberá indicarse o concepto da transferencia (facturas superiores a 300).**
- **No caso de desprazamentos, deberá indicarse na factura o nome e DNI da persoa desprazada.**

Os documentos presentados deberán ser validados e selados polo servizo municipal xestor do expediente administrativo cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación – na porcentaxe que corresponda en cada caso - da subvención concedida. Se se presentasen fotocopias, deberán ser compulsadas polo servizo xestor, de conformidade co que se establece nas bases de execución do presuposto.

Deberán presentarse, ademais das facturas correspondentes ao gasto subvencionado polo Concello, as facturas correspondentes ao 20% do gasto total proposto e orzamentado no proxecto concreto ao que se lle outorga a subvención.

Este 20% debe ser asumido, exclusivamente, pola asociación ou entidade, pois non é subvencionable por administración ou entidade pública ou privada ningunha.

As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do receptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores delas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

d) Declaración xurada dos seguintes aspectos (segundo modelo do anexo VI):

- **Que as facturas non foron nin serán presentadas- na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo mais o 20% do orzamento presentado- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.**
- **Ter recibido ou non outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para a mesma finalidade.**
- **Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción de comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada.**
- **Estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social.**

- Que todos os gastos presentados como xustificación se aboaron efectivamente.
- Que os impostos indirectos devindicados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade.
- As facturas presentadas non son emitidas por ningún membro nin familiar de primeiro e segundo grao, en consanguinidade e afinidade, da directiva da asociación que se subvenciona.
- As condicións da proposta presentada no anexo III mantivéronse durante todo o ano 2018.
- Que na realización do programa non realizaron actos ou publicidade que insultaran ou agrediran ás mulleres.
- Que o **gasto xustificado non serve de xustificación para ningún outro programa subvencionado.**
- No caso de presentar gastos de persoal: O persoal contratado presentado na solicitude estivo adscrito á programación e actividades obxecto desta subvención, non percibindo ningunha outra subvención neste concepto.

No caso de existir desviacións económicas respecto ao orzamento inicial presentado, deberá achegar un informe explicativo das ditas desviacións.

A data límite para xustificar a subvención concedida será a do **28 de febreiro de 2019**. No caso de non presentar a xustificación dentro deste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que comportará a perda do dereito de cobro da subvención.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

Non é admisible como gasto xustificativo o que non teña que ver directamente coa actividade.

No caso de comprobar que no proxecto subvencionado realizáronse actos denigrantes para a muller provocará a perda da subvención.

Non se admitirán facturas de publicidade que supoñan máis do 10% do importe da subvención concedida, salvo xustificación de que a realización do gasto é esencial para o desenvolvemento da actividade ou programa.

Lémbrese o establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, do 17 de novembro, relativo á obriga de presentar tres presupostos ou ofertas para xustificación dos gastos de servizos e subministracións de contía superior aos 17.999 euros, para os casos así establecidos neste artigo.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria a conta facilitada polo perceptor da subvención.

O prazo máximo de pagamento será de trinta días contados dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.

Artigo 9. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Serán obrigas das/os beneficiarias/os das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións, e ademais:

- A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego.
- Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.
- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que se xeren que as actividades (cando se realicen con posterioridade á data da concesión da subvención) están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos, etc.
- Comunicarlle ao Concello a realización da actividade para a que se solicita subvención para o coñecemento e, se é o caso, supervisión de responsables municipais.
- Terlle comunicado, se é o caso, ao Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondente ao ano 2018.

Artigo 10.- Réxime sancionador. Procedemento.

Réxime de infraccións e sancións.

- 1.- Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.
- 2.- As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no título IV da dita Lei 38/2003.

4.- A presentación fóra de prazo da xustificación considérase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Para os ditos efectos, tras a tramitación do expediente oportuno, impoñeranse as seguintes sancións:

O 10% do importe da subvención concedida ata un máximo de 450 euros no caso de que se presente a xustificación forma do prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.

O 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 euros no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

ANEXOS

a) ANEXOS PARA SOLICITAR A SUBVENCIÓN

ANEXO I.- IMPRESO XERAL DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ASOCIACIÓN E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL OU SECTORIAL E PARA O MANTEMENTO DE EQUIPAMENTOS

ANEXO II.- MODELO DE MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO

ANEXO III.- MODELO DE MEMORIA DA NECESIDADE DO MANTEMENTO EN INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO E GASTOS DE PERSOAL DA ASOCIACIÓN OU ENTIDADE

ANEXO IV.- DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN.

b) DOCUMENTACIÓN PARA XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN CONCEDIDA:

1.- ANEXOS:

ANEXO V.-IMPRESO XERAL DE XUSTIFICACIÓN.

ANEXO VI.- DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR SUBVENCIÓN

ANEXO VII.- MEMORIA DO PROXECTO/ACTUACIÓN SUBVENCIONADA POLO CONCELLO NA CONVOCATORIA DO ANO 2018.

ANEXO VIII.- MEMORIA DOS GASTOS DE MANTEMENTO E GASTOS DE PERSOAL DA ASOCIACIÓN OU ENTIDADE SUBVENCIONADOS POLO CONCELLO NA CONVOCATORIA 2018.

2.- CERTIFICACIÓN BANCARIA NA QUE FIGURE O NÚMERO DE CONTA DA ENTIDADE SOLICITANTE E NA QUE SOLICITA SE LLE INGRESE A SUBVENCIÓN.



ANEXO I.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL OU SECTORIAL E PARA O MANTENIMENTO DE EQUIPAMENTOS PARA O ANO: 2018 E DIRIXIDAS Á OFICINA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ (VECIÑAIS, PROFESIONAIS, DE MEDIO AMBIENTE E EDUCATIVAS)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
MELLOR RESULTADO ACADADO ANO ANTERIOR			
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		
CONCELLO:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

DATOS DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE

NOME:		Nº REGISTRO MUNICIPAL:	
CIF NÚM.			
ENDEREZO SOCIAL:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CP	TEL.:	e-mail:
CARGO DA PERSOA SOLICITANTE:			
PERTENCE A UNHA FEDERACIÓN/AGRUPACIÓN? <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Si (indicar a cal): Núm. de asociacións que integran esta federación ou agrupación).....			
Importe total do proxecto presentado no Concello de Lugo		

PROXECTO/S OU ACTUACIÓN/S PARA A/AS QUE SOLICITA SUBVENCIÓN

DENOMINACIÓN PROXECTO: CARÁCTER DO PROXECTO (veciñal, profesional, medioambiental, educativa):

IMPORTANTE: soamente se poderá presentar unha solicitude por cada asociación ou entidade.

Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.

Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes administracións públicas a verificación dos datos e informacións declaradas.

Lugo,..... de de
 A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)

NOTA: verifique a documentación que debe chegar xunto con esta solicitude, segundo o establecido na convocatoria

*Xunto con esta solicitude (ANEXO I) presentárase a seguinte documentación e anexos:

a) DOCUMENTACIÓN:

1º.- Fotocopia do DNI da persoa solicitante

2º.- Copia do documento acreditativo da representación que ten a persoa solicitante na entidade ou asociación.

As asociacións que non figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, deberán, a maiores, chegar a seguinte documentación:

1º.- Fotocopia do CIF da asociación ou institución que representa

2º.- Copia dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade da entidade. Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.

b) ANEXOS

1º.- Memoria do programa de actividades (ANEXO II)

2º.- Memoria da necesidade do gasto (ANEXO III) Cando o obxecto da subvención sexan os gastos de mantemento e reparación de infraestrutura e equipamento **e gastos de persoal da asociación.**

3º.- Declaración xurada (ANEXO IV).

ANEXO II MEMORIA DO PROGRAMA

- Denominación do programa ou actividade:

- Relación e explicación de actividades que forman parte do programa:

- Obxectivos que persegue o proxecto ou actividade:

- Colectivo ao que se dirixen as actuacións cada actividade:

- Programa aberto a persoas alleas á asociación si/non (no caso de resposta afirmativa explicar):

- **Calendario / Duración de cada actividade:**

- **Lugar previsto para a realización das actuacións (no caso de ser zona rural indicalo):**

- **Realización do programa utilizando unha linguaxe non sexista nas súas comunicacións, carteis, programas, etc. SI/NON (No caso de resposta afirmativa explicar):**

- **Programa realizado tendo en conta as necesidades máis urxentes das persoas ás que se dirixe ou o contorno no que se desenvolven, poidan conseguir unha mellora nas súas condicións de saúde, laborais, sociais e de benestar en xeral, con especial protección á terceira idade, a infancia e ás persoas desempregadas..... SI/NON (no caso de ser a resposta afirmativa explicar):**

- **Programa realizado coa finalidade de promoción e fomento do “Camión Primitivo SI/NON (no caso de resposta afirmativa explicar)**

- Programa realizado co fin de dinamizar a Praza e o Mercado de Abastos SI/NON (no caso de resposta afirmativa explicar)

--

- Programa encamiñado a fomentar a educación cívica (limpeza das rúas, campañas en contra do abandono animal, a favor do medio ambiente, democracia participativa..... SI/NON (no caso de resposta afirmativa explicar):

--

- Programa encamiñado a fomentar o voluntariado.....SI/NON (no caso de resposta afirmativa explicar):

--

9.-Actividades encamiñadas á dinamización de barrios emblemáticos da cidade ou que debido a súa traxectoria adquiren a categoría de tradición e referente para a cidadanía en xeral.

--

No caso de presentar actividade que se duplica coa realizada polo Concello de Lugo, débese presentar un informe que xustifique esta duplicidade.

- ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS E GASTOS CORRENTES PREVISTOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN PARA SUBVENCIONAR:

A) RELACIÓN DE GASTOS PREVISTOS E NECESARIOS:

- <u>Gastos de alugamento.</u>	
- <u>Gastos de transporte (viaxes...).</u>	
- <u>Gastos de material</u>	

<p><u>Gastos de publicidade ata un máximo do 10%</u> (No caso de que a cantidade presentada sexa superior ao 10%, deberase xustificar a necesidade para o normal funcionamento da actividade ou proxecto) <u>Outros gastos...</u></p>	
<p>TOTAL GASTOS</p>	

ACTIVIDADE:

B) RELACIÓN DE INGRESOS PREVISTOS:

- Subvención do Concello.....
- Fondos da asociacións.....
- Achegas doutras administracións.....
- Outros (DETALLAR).....

TOTAL INGRESOS

As condicións do orzamentado manteranse durante todo o ano 2018

Lugo, de de

Secretaria/o da asociación/entidade

V. e prace

Presidenta/e

(DNI da persoa asinante e selo da asociación/entidade)

ANEXO III

MEMORIA DA NECESIDADE DO MANTEMENTO EN INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS E GASTOS DE PERSOAL DA ASOCIACIÓN

GASTO PROPOSTO:	
XUSTIFICACIÓN DA SÚA NECESIDADE	
<p>* Breve descrición do local onde se vai facer o gasto:</p> <p>* Localización:</p> <p>* Equipamento actual:</p> <p>.....</p> <p>* Réxime de posesión ou tenza do local:</p>	

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS E GASTOS CORRENTES PREVISTOS E NECESARIOS PARA O MANTEMENTO EN INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS E GASTOS DE PERSOAL:

A) RELACIÓN DE GASTOS:

RELACIÓN DE GASTOS	CONTÍA
- Gastos de pequenas reparacións.	
- Gastos de mantemento e conservación de bens propios ou alugados	
- Gastos de material non inventariable.	
- Gastos de limpeza.	
- Gastos de gas, electricidade, teléfono, combustible.	
- Gastos de vestiario de traballo.	
- Gastos de produtos alimenticios, sanitarios...	
- Gastos de persoal... (Ata un máximo do 30% da subvención solicitada)	
Outros gastos	
TOTAL GASTOS	

B) RELACIÓN DE INGRESOS PREVISTOS:

- Subvención do Concello.....
- Fondos da asociacións.....
- Achegas doutras administracións.....
- Outros (DETALLAR).....

TOTAL INGRESOS.....

As condicións da proposta anteriormente presentada manteranse durante todo o ano 2018.

Lugo,..... de de

A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)

ANEXO IV

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR A SUBVENCIÓN

D.^a/D....., co NIF nº en calidade de
 da asociación/entidade
con enderezo social en
 de Lugo e con CIF nº

DECLARO:

1º.- Que na realización do programa nos comprometemos a non realizar actos ou publicidade que insulten ou agridan ás mulleres, incluídos aqueles actos ou prácticas sexistas que perpetúan unha imaxe estereotipada das mulleres e afianzan a discriminación.

2º.- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición para acceder á condición de beneficiaria de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

3º.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

4º.- Esta entidade (si ou non) solicitou ou recibiu (tachar o que non proceda) outras subvencións ou axudas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención. En caso afirmativo, indicar procedencia e contía:

.....

5º.- As actividades, proxectos ou programas para os que se solicita a subvención vanse efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

6º.- Esta entidade comunicoulle á Oficina de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2018.

7º.- **Número de socias e socios**.....

8º.- Presenta ou non gastos de persoal: SI /NON

En caso afirmativo: o persoal contratado presentado na solicitude estará adscrito á programación e actividades obxecto desta subvención, non estando incluído en ningún outro programa subvencionado.

9.- O gasto xustificado non serve de xustificación para ningún outro programa subvencionado.

Lugo,..... de de

E para que así conste para os efectos oportunos asino esta declaración xurada.

Secretaria/o da asociación/entidade
 V. e praxe

Presidenta/e
 (DNI da persoa asinante e selo da asociación/entidade)



ANEXO V.- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL OU SECTORIAL E PARA O MANTEMENTO DE EQUIPAMENTOS PARA O ANO: 2018 DIRIXIDAS Á OFICINA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ (VECIÑAIS, PROFESIONAIS, DE MEDIO AMBIENTE E EDUCATIVAS)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/CI:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	C.P.:	TEL.:	e-mail:
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		
CONCELLO:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

DATOS DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE

NOME:		Nº REGISTRO MUNICIPAL:	
CIF NÚM.			
ENDEREZO SOCIAL:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	C.P.:	TEL.:	e-mail:
CARGO DA PERSOA SOLICITANTE:			

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)

NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o establecido na convocatoria

*Xunto con esta solicitude (ANEXO V) presentárase a seguinte documentación e anexo

a) DOCUMENTACIÓN:

- Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante e na que solicita que se lle ingrese a subvención.

b) ANEXOS:

ANEXO VI- DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR SUBVENCIÓNS
 ANEXO VII- MEMORIA DO PROXECTO/ACTUACIÓN SUBVENCIONADA POLO CONCELLO NA CONVOCATORIA DO ANO 2018.
 ANEXO VIII- MEMORIA DOS GASTOS DE MANTEMENTO E GASTOS DE PERSOAL DA ASOCIACIÓN OU ENTIDADE SUBVENCIONADOS POLO CONCELLO NA CONVOCATORIA 2018.

ANEXO VI

DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR SUBVENCIONS

D.^a/D. co NIF n^o
 en calidade de da
 asociación/entidade.....con enderezo social en
 de Lugo e con CIF n^o

DECLARO:

1^o.- Que as facturas non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo mais o 20% do orzamento presentado- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

2^o.- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción de comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada.

3^o.- Estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

4^o.- Que todos os gastos presentados como xustificación se aboaron efectivamente.

5^o.- Que os impostos indirectos devindicados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade.

6^o.- Ter recibido ou non outras subvencions ou axudas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade (**tachar o que non proceda**). En caso afirmativo, indicar procedencia e contía:

7^o.- As facturas presentadas non son emitidas por ningún membro nin familiar de primeiro e segundo grao, en consanguinidade e afinidade, da directiva da asociación que se subvenciona.

8^o.- As condicións da proposta presentada II mantivéronse durante todo o ano 2018

9.- Que na realización do programa non se realizaron actos ou publicidade que insultaran ou agrediran ás mulleres, nin actos ou prácticas sexistas que perpetúan unha imaxe estereotipada das mulleres afianzando a discriminación.

10.- Ter ou non presentado gastos de persoal: Si/NON.

En caso afirmativo: A/s persoa/s contratadas cuxos gastos salariais foron admitidos como xustificación estivo adscrita á programación presentada non percibindo ningunha outra subvención neste concepto.

11.- O gasto xustificado non serve de xustificación para ningún outro programa subvencionado.

Secretaria/o da asociación/entidade

V. e praxe

Presidenta/e

(DNI da persoa asinante e selo da asociación/entidade)

ANEXO VII

MEMORIA DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA SUBVENCIONADO

DENOMINACIÓN:

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO:

- Obxectivos acadados
- Programa aberto a persoas alleas á asociación: si/non, no caso de resposta afirmativa citar a/s actividade/s na/s que se cumpriu este requisito:
- Data da actividade:
- Lugar onde se realizaron as actuacións:

ORZAMENTO DETALLADO DE INGRESOS E GASTOS REALIZADOS NO DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:**A) RELACIÓN DE GASTOS:**

RELACIÓN DE GASTOS	CONTÍA
- Gastos de alugamento	
- Gastos de persoal (monitoras/es...)	
- Gastos de transporte (viaxes...)	
- Gastos de material.....	
Outros gastos	
TOTAL GASTOS	

B) RELACIÓN DE INGRESOS:

- **Subvención do concello**
- **Fondos da asociacións**
- **Achegas doutras administracións**
- **Outros (DETALLAR)**

TOTAL INGRESOS.....

O orzamento presentado no seu día ascendía a€

O orzamento realmente executado ascende a€

Existe

SI *

NON

unha desviación de€, en caso afirmativo, especificar os motivos:

.....

Lugo, ____ de _____ de
 Secretaria/o da asociación/entidade
 V. e prace

Presidenta/e
 (DNI da persoa asinante e selo da asociación/entidade)

ANEXO VIII

MEMORIA DOS GASTOS DE MANTEMENTO EQUIPAMENTOS SUBVENCIONADOS E GASTOS DE PERSOAL**BREVE DESCRICIÓN DO GASTO EN MANTEMENTO E REPARACIÓNS:**

BREVE DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS CUMPRIDOS:

Nº DE PERSOAS BENEFICIARIAS SOCIAS DA ASOCIACIÓN.....

Nº DE PERSOAS BENEFICIARIAS ALLEAS Á ASOCIACIÓN.....

ORZAMENTO DETALLADO DE INGRESOS OBTIDOS E GASTOS REALIZADOS NO DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:**A) RELACIÓN DE GASTOS REALIZADOS:**

RELACIÓN DE GASTOS	CONTÍA
- Gastos de pequenas reparacións	
- Gastos de mantemento e conservación de bens propios ou alugados	
- Gastos de material non inventariable	
- Gastos de limpeza	
- Gastos de gas, electricidade, teléfono e combustible	
- Gastos de vestiario	
- Gastos de produtos alimenticios e sanitarios	
- Gastos de publicidade, imprenta... Outros..... Gastos de persoal da asociación (Ata un máximo do 30% da cantidade subvencionada)	
TOTAL GASTOS	

B) RELACIÓN DE INGRESOS:

- Subvención do concello
- Fondos da asociacións
- Achegas doutras administracións
- Outros (DETALLAR)

TOTAL INGRESOS.....

O orzamento presentado no seu día ascendía a€

O orzamento realmente executado ascende a€

Existe

SI *

NON

unha desviación de€. En caso afirmativo especificar os motivos:

Lugo, ___ de _____ de

Secretaria/o da asociación/entidade

V. e prace
 Presidenta/e

(DNI da persoa asinante e selo da asociación/entidade)"

CUARTO.- Que se proceda á publicación do extracto no BOP e do texto íntegro no BOP, por conducto da BDNS, no Taboleiro de Anuncios Municipal e na páxina web do Concello de Lugo.

QUINTO.- Esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela pode interpoñer os seguinte recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer ante Alcaldía o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas (BOE número 236, do 02/10/2015), no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e aos servizos municipais afectados.

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que **as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, no prazo de QUINCE DÍAS NATURAIS, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, por conduto da BDNS.** O texto íntegro publicarase no BOP, no Taboleiro de Anuncios Municipal e na páxina web do Concello de Lugo.

Lugo, 7 de novembro de 2018.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE CONCELLO E CIDADANÍA, Rosana Rielo Rozas.

R. 3153

CONCELLOS

OUROL

Anuncio

O Pleno do concello de Oourol, en sesión extraordinaria celebrada o día dez de novembro dous mil dezaoto, aprobou provisionalmente a modificación das seguintes Ordenanzas fiscais, Ordenanza fiscal, nº 5, reguladora do Imposto sobre bens inmobles de natureza rústica e urbana, Ordenanza fiscal, nº 10, reguladora do Imposto sobre actividades económicas e Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de construcións, instalacións e obras do concello de Oourol.

En cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, e no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte á inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións durante o referido prazo, o acordo elevarase a definitivo.

Oourol, doce de novembro de dous mil dezaoto.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3177

PALAS DE REI

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2018-0430, ditada o 31 de outubro, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 3º Trimestre do 2018, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon